

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIO (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 30/04/2019

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTIN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARÍA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PEREZ

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO

D. JESÚS LONGA SANCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

D. MANUEL MÉNDEZ VARELA

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARIA MOSQUERA LEAL

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. XOSÉ LEIRÓS GUDE

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

D. MIGUEL ALVES LAGO

Lista de non asistentes

SAGRARIO CASTRO VIDAL

SECRETARIA

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 30/04/2019, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 2 de abril de 2019.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes marzo de 2019.
3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
4. Toma de coñecemento da liquidación do Orzamento do Concello e da FPSDM, correspondente ó exercicio económico de 2018.
5. Toma de coñecemento do informe do 1º trimestre de 2019 de morosidade, ao abeiro do disposto na Lei 5/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

6. Aprobación, se procede, do modelo de declaración de incompatibilidades, actividades e bens patrimoniais a utilizar polos membros da Corporación Municipal.
7. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía relativa á celebración do sorteo para a designación dos membros das Mesas Electorais con motivo das Eleccións ao Parlamento Europeo e Locais de 26 de maio de 2019.
8. Aprobación, se procede, de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.
9. Ratificación, se procede, da Resolución da Alcaldía de aprobación transferencia de crédito destinada a cofinanciar o proxecto de gasto DUSI (2) nº 02/11/2018 "HUMANIZACIÓN RÚA VÁZQUEZ LEIS", por importe de 11.234,63 €.
10. Ratificación, se procede, da Memoria de actividades deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2018.
11. Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas para a adxudicación do contrato de servizos, suxeito a regulación harmonizada, denominado "Servizo de Limpeza de edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa" e da FPSDM.
12. Aprobación, se procede, da moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría para reivindicar o dereito ao voto das persoas inmigrantes.
13. Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía, relativa á autorización do uso dunha

zona do Parque de O Castriño, a favor do Centro Princesa Letizia

14. Aprobación, se procede, da proposta das familias de nenos e nenas usuarios da UDI AF de Vilagarcía de Arousa, demandando unhas infraestruturas adecuadas.
15. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
16. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
17. Rogos e preguntas.
18. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

O Sr. Alcalde agradece as/aos Concelleiras/os que non se presentan novamente ás eleccións municipais o traballo realizado nos últimos catro anos.

A presente sesión é gravada (imaxe e son) polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Avecilla utilizando o sistente de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 2 DE ABRIL DE 2019.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de 2 de abril de 2019.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190430&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE MARZO DE 2019: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

Nº	DESCRIPCIÓN
-----------	--------------------

- | | |
|---|---|
| 2 | Aprobación de expediente de Modificación de Créditos de Transferencias de Créditos |
| 2 | Aprobación de expediente de Modificación de Créditos de Xeración de Créditos de natureza non tributaria |
| 1 | Recoñecemento de obrigas |

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO MES DE MARZO DE 2019:

Nº	DESCRIPCIÓN
-----------	--------------------

- | | |
|---|---|
| 2 | Concesión de licenza de primeira ocupación. |
| 6 | Concesión de licenza para canalización |
| 3 | Aceptación comunicación de apertura de establecemento para cambio de titularidade e |

desenvolvemento de actividade

- 1 Arquivo de expediente de licenza de obras
- 8 Aceptación desestimento e arquivo de expediente de comunicación de apertura de establecemento
- 3 Declaración de ineficacia de comunicación previa para realización de obras
- 1 Concesión desestimento licenza de obras
- 5 Concesión de licenza para legalización de obras.
- 26 Aceptación comunicación previa e documentación para realización de obras
- 2 Conformidade a proxecto de execución
- 8 Concesión de licenza para acometida e/ou conexión á rede de auga e/ou saneamento
- 5 Concesión de licenza de obra maior
- 2 Concesión de licenza de obra menor
- 1 Concesión de licenza de segregación de finca
- 1 Concesión de licenza para conexión de vertidos de estación de servizo a rede de saneamento
- 1 Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 4 Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 4 Concesión de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 2 Concesión de renovación de licenza para tenza de animais potencialmente perigosos
- 1 Iniciación expediente de orde de execución
- 1 Desestimación recurso de reposición e orde execución retirada valados publicitarios
- 1 Arquivo de procedemento de reposición da legalidade urbanística e nova incoación de expediente
- 1 Orde concesión prazo para retirada terraza
- 1 Requirir presentación informe-ditame de seguridade dos elementos exteriores do inmovible
- 1 Orde concesión prazo para que solicite licenza municipal de legalización de obras
- 2 Nomeamento de funcionario/a interino/a
- 2 Dedución proporcional de haberes por ausencias non xustificadas empregados/as do Obradoiro de Emprego Labora Xove
- 1 Acordo trámite de audiencia a empregado municipal por ausencias non xustificadas do posto de traballo
- 1 Imposición sancion de apercibimento a empregado municipal por ausencias non xustificadas do posto de traballo
- 1 Asignación temporal de tarefas con restrición uso de arma a Axente da Policía Local
- 1 Designación responsable en funcións do Servizo de Mercados
- 1 Concesión a Interventora Municipal de prórroga de tres meses para cese no posto
- 2 Concesión de gratificación especial por substitución temporal de posto de traballo de nivel superior
- 1 Delegación na Primeira Tenente de Alcalde da totalidade das funcións da Alcaldía
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
- 1 Servizos mínimos pola convocatoria de folga do 8 de marzo
- 1 Aprobación de gasto correspondente ás aportacións ao Plan de Pensións no mes de febreiro de 2019
- 5 Iniciación de oficio de expediente sancionador de tráfico
- 22 Imposición de sanción por expediente sancionador de tráfico

- 2 Recoñecemento de obrigas
- 3 Recoñecemento de obrigas derivadas de amortizacións de préstamos
- 3 Aprobación de expediente de xeración de créditos de natureza non tributaria
- 2 Aprobación de expediente de Modificación de Créditos de Incorporación de Remanentes
- 2 Aprobación de expediente de Modificación de Créditos de Transferencias de Créditos
- 1 Aprobación marco orzamentario consolidado a medio prazo 2021-2022
- 9 Orde de pago de facturas
- 1 Concesión de fraccionamento de débedas
- 1 Ampliación prazo para presentación ofertas licitación “Humanización Rúa Vázquez Leis en Vilaxoán”
- 1 Aprobación de liquidacións cargos xerados no mes de febreiro
- 3 Representación e defensa dos intereses do Concello exercida por letrado en procedemento xudicial

TOTAL: 163

O Concello Pleno queda sabedor

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- Dona Vanesa Padín García, en representación das familias de nenos e nenas usuarios da UDIAF de Vilagarcía de Arousa.

A continuación polo Sr. Alcalde alterase a Orde do Día do Pleno, pasando a tratarse o asunto que figura co nº14 da mesma.

Indica así mesmo que tódolos grupos políticos municipais asumen a proposta feita polas familias de nenos e nenas usuarios de UDIAF de Vilagarcía de Arousa.

Intervén a Sra. Padín García en relación coa proposta das familias de nenos e nenas usuarios da UDIAF de Vilagarcía de Arousa, demandando unhas infraestruturas adecuadas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DAS FAMILIAS DE NENOS E NENAS USUARIOS DA UDIAF DE VILAGARCÍA DE AROUSA, DEMANDANDO UNHAS INFRAESTRUTURAS ADECUADAS.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de abril de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado por Dona Vanesa Padín García, en representación das familias de nenos e nenas usuarios da UDIAF de Vilagarcía de Arousa solicitando que se dea traslado aos Grupos Políticos Municipais a moción que achegan, así como solicitando a intervención por parte dun representante das familias no Pleno durante o debate da Moción, para a adopción dos seguintes acordos:

1.- Que se facilite a esta unidade as instalacións necesarias e adecuadas para poder levar a cabo unha labor tan importante. Na actualidade están situadas en instalacións cedidas pola Xunta de Galicia que son insuficientes e inadecuadas. Son necesarias alo menos 4 salas e dous despachos se se quere que estes nenos estean ben atendidos e se poida chegar a mais familias. E que despois se solicite á Xunta de Galicia os recursos económicos necesarios para poder aumentar o número de terapeutas.

2.- Que se eleve á Xunta de Galicia a petición dunha unidade de atención temprana para o Hospital do Salnés e na que non existan diferenzas respecto a outras unidades de outras provincias.

3.- Que se solicite apoio dos concellos da Área do Salnés para impulsar dita petición.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a proposta das familias de nenos e nenas usuarios da UDIAF de Vilagarcía de Arousa, demandando unhas infraestruturas adecuadas.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN: Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21),

ACÓRDASE: Aprobar a proposta das familias de nenos e nenas usuarios da UDIAF de Vilagarcía de Arousa, e:

1.- Que se facilite a esta unidade as instalacións necesarias e adecuadas para poder levar a cabo unha labor tan importante. Na actualidade están situadas en instalacións cedidas pola Xunta de Galicia que son insuficientes e inadecuadas. Son necesarias alo menos 4 salas e dous despachos se se quere que estes nenos estean ben atendidos e se poida chegar a mais familias. E que despois se solicite á Xunta de Galicia os recursos económicos necesarios para poder aumentar o número de terapeutas.

2.- Que se eleve á Xunta de Galicia a petición dunha unidade de atención temprana para o Hospital do Salnés e na que non existan diferenzas respecto a outras unidades de outras provincias.

3.- Que se solicite apoio dos concellos da Área do Salnés para impulsar dita petición.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190430&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO E DA FPSDM, CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO DE 2018.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de abril de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do seguinte teor:

Vistos os Informes da Intervención municipal, **INT/2019/54-1 e INT/2019/54-2** de datas 28 de febreiro de 2019, referidos á liquidación dos orzamentos municipais para o exercicio 2018, así como da Intervención delegada da Fundación de Deportes, onde se verifican respectivamente o cumprimento dos obxectivos fiscais de regra do gasto, estabilidade orzamentaria e volume de endebedamento.

En uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de réxime local, e en particular os artigos 191.3 e 192 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e 90.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/88, do 28 de decembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación dos orzamentos municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa correspondentes ó exercicio económico de 2018, segundo o seguinte detallado:

Resultado orzamentario:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	28.630.680,06
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	27.597.429,98
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	1.033.250,08
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	127.551,06
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	1.130.000,00
Total dereitos recoñecidos	29.888.231,12
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	25.763.513,92
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	23.199.057,10
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	2.564.456,82
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	127.551,06
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	2.659.671,25
Total obrigas recoñecidas	28.550.736,23
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	1.337.494,89

AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	1.457.961,12
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	3.130.882,69
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	3.782.098,67
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	2.144.240,03

Remanente de tesourería:

1. Fondos líquidos	5.214.085,50
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	11.594.648,61
2.a. Do orzamento corrente	2.183.301,20
2.b. De orzamentos pechado	10.062.796,83
2.c. De operacións non orzamentarias	15.238,53
2.d. Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	666.687,95
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	3.741.043,57
3.a. Do orzamento corrente	2.510.564,83
3.b. De orzamentos pechados	71.897,23
3.c. De operacións non orzamentarias	1.177.192,59
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	18.611,08
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	13.067.690,54
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	7.162.293,21
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	3.203.653,35
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	2.701.743,98

SEGUNDO: Aprobar a liquidación dos orzamentos municipais do Organismo Autónomo Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, correspondentes ó exercicio económico de 2018, aprobada e proposta polo seu Presidente, segundo o seguinte detallado:
Resultado orzamentario:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras	1.089.857,17
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	1.089.857,17
a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital (Cap. VI e VII)	0,00
b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros	0,00
c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros	0,00
Total dereitos recoñecidos	1.089.857,17
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	
a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras	1.068.072,52
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	1.034.811,25
a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións non financeiras (Cap. VI e VII)	33.261,27
b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros	0,00
c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros	0,00
Total obrigas recoñecidas	1.068.072,52
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	21.784,65
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	0,00
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	21.784,65

Remanente de tesourería:

1. Fondos líquidos	242.294,40
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	58.922,95
2.a. Do orzamento corrente	37.452,78
2.b De orzamentos pechado	21.470,17
2.c De operacións non orzamentarias	0,00
2.d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0,00
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	49.732,20
3.a. Do orzamento corrente	34.509,76
3.b. De orzamentos pechados	2.526,14
3.c. De operacións non orzamentarias	12.696,30
3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva	0,00
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	251.485,15
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	21.470,17
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	0,00
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	230.015,08

TERCEIRO: Que se de conta da presente resolución ao Concello Pleno na primeira sesión que se celebre.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201904030punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DO 1º TRIMESTRE DE 2019 DE MOROSIDADE, AO ABEIRO DO DISPOSTO NA LEI 5/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de abril de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do primeiro trimestre de 2019, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.786.572,98	617.212,04
Investimentos reais	564.300,40	338.409,98
Outros pagos realizados por operacións comerciais	3.932,50	0,00
TOTAL	2.354.805,88	955.622,02

Xuros de demora pagados no trimestre: 5.484,92

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	936.653,62	272.114,71
Investimentos reais	57.525,41	3.535,36
Outros pagos realizados por operacións comerciais	4.785,84	0,00
Pendientes de aplicar a Orzamento	184.496,55	1.182,38
TOTAL	1.183.461,42	276.832,45

Período medio de pago: 52,36 días

Dáse conta do informe da Interventora Delegada da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	78.167,26	0,00

Investimentos reais	2.404,26	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0,00	0,00
TOTAL	81.571,52	0,00

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

	Dentro do período legal	Fóra do período legal
Facturas ou documentos pendentes de pago final do trimestre	de pago	de pago
Gastos en bens correntes e servizos	28.323,57	0,00
Investimentos reais	0,00	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0,00	0,00
Pendientes de aplicar ao orzamento	10.300,97	0,00
TOTAL	38.624,54	0,00

Período medio de pago: 31,77 días

Período medio de pago consolidado: 30,74 días

A comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190430&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MODELO DE DECLARACIÓN DE INCOMPATIBILIDADES, ACTIVIDADES E BENS PATRIMONIAIS A UTILIZAR POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de abril de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do teor seguinte

O próximo día 26 de maio de 2019 celebraranse as Eleccións locais 2019, o que supón a finalización do mandato dos membros da corporación actuais do Concello o día 25 de maio, pero continuando en funcións para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores, (art. 194 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral).

De acordo ao disposto no artigo 75.7 da Lei 7/ 1985, de 2 de abril (LBRL), os representantes locais, formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.

Formularán así mesmo declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.

Tales declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polos plenos respectivos, levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cese e ao remate do mandato, así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.

As declaracións anuais de bens e actividades serán publicadas con carácter anual, e en todo caso no momento da finalización do mandato, nos termos que fixe o Estatuto municipal.

Tales declaración inscribíranse nos seguintes Rexistros de intereses, que terán carácter público:

- A declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen

ou poidan proporcionar ingresos económicos, inscribírase no Rexistro de Actividades constituído en cada Entidade Local.

- b. A declaración sobre bens e dereitos patrimoniais inscribírase no Rexistro de Bens Patrimoniais de cada Entidade Local, nos termos que estableza o seu respectivo estatuto.

Con tal motivo preséntase ao Pleno o modelo de declaración de actividades e bens, moi similar ao utilizado ata agora neste Concello, e unicamente pode sinalarse como novidade o último anexo no que se deben concretar con claridade os bens e as actividades, pois o devandito anexo publicarase tal e como se presente polos concelleiros e concelleiras na Sede electrónica municipal (sede.vilagarcia.gal), no apartado de transparencia, (información institucional e organizativa), nas seguintes datas:

-No mes de maio de 2019 en relación coas concelleiras e concelleiros actuais con motivo do seu cese. (Data tope 24 de maio de 2019)

-No mes de xuño de 2019 en relación coas concelleiras e concelleiros que resulten elixidos nas urnas o día 26 de maio de 2019, estando prevista a proclamación de electos/as pola Xunta Electoral de Zona entre os días 2 e 10 de xuño.

É dicir, na sede electrónica municipal figurarán dous apartados, un será destinado ás declaracións de actividades e bens dos membros da Corporación con motivo do seu cese e outro con motivo da súa toma de posesión.

Así pois, todas as concelleiras e concelleiros actuais teñen que presentar, con motivo do seu cese, as declaracións debidamente cubertas, que se presentan para a aprobación plenaria, durante o mes de maio.

A presentación, ao tratarse dunha declaración individual e persoal pode facerse presencialmente no despacho da Secretaria, podendo obter os impresos na sede electrónica municipal (sede.vilagarcia.gal), no apartado de formularios de solicitudes (Secretaria). Polo exposto,

Propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo: Aprobar os modelos que se achegan relativos ás declaracións de actividades e bens dos concelleiros e concelleiras da Corporación de Vilagarcía de Arousa, facendo constar que o anexo último das citadas declaracións será publicado na sede electrónica municipal tal e como figure presentado e cuberto polas concelleiras e concelleiros, tanto con motivo do seu cese, como con motivo da súa toma de posesión.

Vilagarcía de Arousa, 22 de abril de 2019.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSO,EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito do informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo municipal do PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación dos modelos que se achegan relativos ás declaracións de actividades e bens dos concelleiros e concelleiras da Corporación de Vilagarcía de Arousa, facendo constar que o anexo último das citadas

declaración será publicado na sede electrónica municipal tal e como figure presentado e cuberto polas concelleiras e concelleiros, tanto con motivo do seu cese, como con motivo da súa toma de posesión.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN. Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar os modelos que se achegan relativos ás declaracións de actividades e bens dos concelleiros e concelleiras da Corporación de Vilagarcía de Arousa, facendo constar que o anexo último das citadas declaracións será publicado na sede electrónica municipal tal e como figure presentado e cuberto polas concelleiras e concelleiros, tanto con motivo do seu cese, como con motivo da súa toma de posesión..

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190430&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á CELEBRACIÓN DO SORTEO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CON MOTIVO DAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO E LOCAIS DE 26 DE MAIO DE 2019.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de abril de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do teor seguinte:

O próximo día 26 de maio de 2019 celébranse as Eleccións ao Parlamento Europeo e as Eleccións Locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla, sendo preciso realizar un sorteo público para a designación dos membros de Mesas Electorais, para o que se utilizará o Censo electoral vixente, cerrado o día 4 de xaneiro de 2019, que contén as variacións producidas no Padrón de habitantes ata o día 31 de decembro de 2018.

No Concello de Vilagarcía de Arousa elíxense 21 Concelleiros/as. Unha vez celebradas as eleccións, a constitución da Corporación previa proclamación dos/as Concelleiros/as electos/as será o 15 de xuño de 2019.

O artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, 5/1985, de 19 de xuño, modificada pola Lei Orgánica 2/2011, de 28 de xaneiro, establece o seguinte:

"O/A Presidente/a e os/as vocais de cada Mesa son designados/as por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días.

O/A Presidente/a deberá ter o título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo Grao, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

Da mesma forma procédese ó nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa"

A última reforma lexislativa en materia electoral produciuse a raíz da Lei Orgánica 2/2018, de 5 de decembro, que modifica a Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral para garantir o dereito de sufraxio de todas as persoas con discapacidade, nos seguintes termos:

Artículo único. *Modificación de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral*

General.

La Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, queda modificada en la forma siguiente:

Uno. Se suprimen los apartados b) y c) del punto primero del artículo 3.

Dos. El punto segundo del artículo 3 quedará redactado de la siguiente forma:

«2. Toda persona podrá ejercer su derecho de sufragio activo, consciente, libre y voluntariamente, cualquiera que sea su forma de comunicarlo y con los medios de apoyo que requiera.»

Tres. Se añade una disposición adicional octava con la siguiente redacción:

«A partir de la entrada en vigor de la Ley de modificación de la Ley Orgánica del Régimen Electoral General para adaptarla a la Convención Internacional sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad, quedan sin efecto las limitaciones en el ejercicio del derecho de sufragio establecidas por resolución judicial fundamentadas jurídicamente en el apartado 3.1. b) y c) de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, ahora suprimidas. Las personas a las que se les hubiere limitado o anulado su derecho de sufragio por razón de discapacidad quedan reintegradas plenamente en el mismo por ministerio de la ley.»

A citada modificación legal entrou en vigor o día 7 de decembro de 2018, polo que é de aplicación nas Eleccións Europeas e Locais que se celebran o 26 de maio de 2019.

Á vista do anterior, esta Alcaldía ven en propoñer ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Que a realización do devandito sorteo para a designación dos/das presidentes/as, vocais e suplentes das 55 mesas electorais, en total 495 persoas se realice a través do programa informático denominado WINTASK ELECCIÓNS, polos/as funcionarios/as municipais encargados/as de tal función, no período sinalado pola Xunta Electoral de Zona, é dicir, entre os días 27 de abril ao 1 de maio. Debendo estar efectuadas as notificacións das designacións e entrega de manuais aos membros das mesas nos primeiros tres días seguintes a partir do sorteo. Así mesmo publicárase na sede electrónica municipal (<http://sede.vilagarcia.gal>) o resultado do sorteo.

Vilagarcía de Arousa, 16 de abril de 2019.

O ALCALDE - PRESIDENTE;

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de tódalas persoas representantes dos grupos políticos municipais presentes na Comisión infórmase favorablemente a aprobación da proposta da Alcaldía en relación coa realización do sorteo para a designación dos/das presidentes/as, vocais e suplentes das 55 mesas electorais.

Realiza o sorteo na sesión plenaria a funcionaria Dona M^a Carmen Cores Miguens.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21),

ACÓRDASE: Aprobar proposta da Alcaldía en relación coa realización do sorteo para a designación dos/das presidentes/as, vocais e suplentes das 55 mesas electorais.

No momento da votación non se atopaba presente a Concelleira Dona Rocio Ana Llovo del Río.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de abril de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do teor seguinte

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1. Xustificantes correspondentes a gastos realizados no exercicio 2018 derivados de acordos da Mancomunidade do Salnés que tiveron entrada con posterioridade á data de peche contable aprobada mediante instrución interna da Intervención municipal de data 19 de decembro de 2018 e con posterioridade ao derradeiro expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito do exercicio 2018.
2. Gasto correspondente á xustificación do gasto realizado na prestación do Plan Madruga nos meses de setembro a decembro polas ANPAS dos colexios sostidos con fondos públicos e autorizados pola Xunta de Goberno Local de 3 de decembro de 2018, presentadas no prazo indicado nas Bases Reguladoras para a concesión pero en data posterior á data de peche contable aprobada mediante instrución interna da Intervención municipal de data 19 de decembro de 2018 e con posterioridade ao derradeiro expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito do exercicio 2018.
3. Xustificantes correspondentes a gastos derivados do consumo eléctrico das instalacións municipais realizados entre os anos 2016 e 2017, que non foron presentados polo provedor nos respectivos exercicios ou que sendo presentados foron obxecto de devolución por non ser conformados polo responsable do servizo, sen que sexa aplicable o instituto da prescrición por non cumprirse o prazo ininterrompido dos 4 anos; pero que non foron presentadas polos provedores ata o exercicio 2019, unha vez excedido do prazo máximo de 30 días dende a prestación do servizo ou entrega do subministro.
4. Xustificantes correspondentes a gastos ordinarios e correntes derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais que foron devengados no exercicio 2018 pero que non foron presentadas no rexistro contable polos provedores ata o exercicio 2019, unha vez excedido do prazo máximo de 30 días dende a prestación do servizo ou entrega do subministro.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relacións de facturas anexas á providencia de alcaldía por importe de **20.747,62€**.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, INT/2019/0000113-1 no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos **Nº 02/REC/2019** por importe de **20.747,62€** con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas nas relacións anexas á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos **Nº 02/REC/2019**, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de **OPAS Nº D/2019/3 e D/2019/4** anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de **20.747,62€** con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2019 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Vilagarcía de Arousa, 22 de abril de 2019

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos **Nº 02/REC/2019**, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de **OPAS Nº D/2019/3 e D/2019/4** anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de **20.747,62€** con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2019 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21),

ACÓRDASE: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos **Nº 02/REC/2019**, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de **OPAS Nº D/2019/3 e D/2019/4** anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de **20.747,62€** con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2019 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190430&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A COFINANCIAR O PROXECTO DE GASTO DUSI (2) Nº 02/11/2018 "HUMANIZACIÓN RÚA VÁZQUEZ LEIS", POR IMPORTE DE

11.234,63 €.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de abril de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do seguinte teor:

Visto o expediente de Modificación de Créditos de Transferencias de créditos número 09/TC/2019, á vista da providencia de Alcaldía da data 18 de marzo de correntes, onde pon de manifesto que visto o acordo adoptado en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 18 de marzo de correntes, a vista da proposta da Directora Edusi, na que proponse desistir da subvención outorgada no seu día pola Deputación Provincial dentro do POS2018 por importe de 150.219,46€ destinada a cofinanciar o proxecto de gasto DUSI (2) N° 02/11/2018 "HUMANIZACIÓN VÁZQUEZ LEIS", posto que debido as baixas producidas nas dúas operacións que comprende a liña de actuación RECESP, é posible asumir a totalidade da achega municipal con cargo ao préstamo afecto a dita estratexia EDUSI e así liberar a subvención provincial e poder destinala a outros fins.

Visto que parte do financiamento procedente do préstamo afecto, (11.234,63€), atópase dentro doutra liña de actuación con diferente área de gasto pero dentro do mesmo obxectivo temático O.T 9.

Visto que mediante acordo plenario de 28 de xuño de 2018 contemplouse a posibilidade de que por resolución de alcaldía se aprobasen transferencias de crédito que cumprisen estes requisitos, quedando suxeita en todo caso a ratificación plenaria.

Visto que unha vez aproveitadas as baixas de licitación, o crédito dispoñible no capítulo 6 do programa de gasto 134 dentro do proxecto de gasto DUSI (2) N° 02/11/2018 resulta insuficiente para aplicación orzamentaria do gasto comprometido, procede efectuar unha modificación de crédito para dotar á aplicación orzamentaria que a continuación se relacionan polo importe exposto. Trátase de transferencias entre os créditos das aplicacións orzamentarias de Gastos do vixente Presuposto Municipal, dentro de distintas áreas de gasto por importe de **11.234,63€**

Visto o informe INT/2019/000089-1 da Sra. Interventora e a proposta da Concelleira de Economía e Facenda, o expediente está axustado ós requisitos esixidos polos artigos 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigos 40, 41 e 42 do Real Decreto 500/90 e ó establecido na Base N° 12 de Execución do vixente presuposto, procede a aprobación das transferencias de crédito, segundo se propón no expediente que, en conxunto, son as seguintes:

APLICACIÓNS DE GASTOS CON CRÉDITOS EN BAIXA

ro.	Eco.	Descrición	Importe
134	6190017	MOBILI. URBANA-OUTRAS INV. REPOSI. INFRAESTRUC.-FEDER AVANZA	11.234,63
TOTAL ALTAS AREA DE GASTO 1			11.234,6

APLICACIÓNS DE GASTOS CON ALTAS DE CRÉDITO

Pro.	Eco.	Descrición	Importe
333	6320017	EQUI. CULTURAIIS-INVER. REPO. EDIF. E OUTR CONS.-FEDER AVANZA	11.234,63
TOTAL ALTAS AREA DE GASTO 1			11.234,63

O total de Altas de Créditos, é igual ás Baixas, polo que resolvo aprobar a Transferencia de Crédito, quedando esta Resolución **condicionada á ratificación plenaria conforme o acordado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de 28 de xuño de 2018**, se ben polos motivos de axilidade que motivaron esta delegación, se procederá polos servizos de Intervención, a introducir na Contabilidade as modificacións de créditos aprobadas, con efectos condicionados. O mando e asino en Vilagarcía de Arousa 9 de abril de dous mil dezanove.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a ratificación da Resolución de Alcaldía de aprobación transferencia de crédito destinada a cofinanciar o proxecto de gasto DUSI (2) nº 02/11/2018 “HUMANIZACIÓN RÚA VÁZQUEZ LEIS”, por importe de 11.234,63 €.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21),

ACÓRDASE: Aprobar a ratificación da Resolución de Alcaldía de aprobación transferencia de crédito destinada a cofinanciar o proxecto de gasto DUSI (2) nº 02/11/2018 “HUMANIZACIÓN RÚA VÁZQUEZ LEIS”, por importe de 11.234,63 €.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190430&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS POLA FPSDM DURANTE O ANO 2018.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de abril de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta do acordo do Consello Reitor da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, de data 4 de abril de 2019 do seguinte teor:

Polo Sr. Director Deportivo fai un breve resumo do contido da memoria de actividades realizadas durante o ano 2018 e, indica que no expediente están todas as actividades que se realizaron ao longo do ano 2018, desglosadas nos seguintes apartados:

1º.- ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade.

1.1.1.- Curso 2017-18.

1.1.2.- Curso 2018-19.

1.2.- Escola Multideportiva.

1.2.1.- Curso 2017-18.

1.2.2.- Curso 2018- 19.

1.3.- Escola Deportiva de Base.

1.3.1.- Curso 2017-18.

1.3.2.- Curso 2018-19.

1.4.- Escolas Náuticas Municipais

- 1.4.1.- Escola de Vela
- 1.4.2.- Escola de Piragüismo
- 1.4.3.- Escola de Remo
- 1.4.4.- Escola de Salvamento

2º.- ACTIVIDADES FÍSICA RECREATIVAS PARA ADULTOS

- 2.1.- 2º Curso de actividades de adultos 2017-18.
 - 2.1.1.- Curso de Gimnasia de mantenimiento.
 - 2.1.2.- Curso de Gimnasia acuática.
 - 2.1.3.- Curso de Aerobic.
 - 2.1.4.- Curso de Badminton.
 - 2.1.5.- Curso de Tai Chi.
 - 2.1.6.- Curso de Yoga.
 - 2.1.7.- Curso de Pilates.
 - 2.1.8.- Curso de Gimnasia Funcional.
 - 2.1.9.- Curso de Circuito Training.
 - 2.1.10.- Curso de Estiramientos e Relaxación
- 2.2.- 3º Curso de actividades de adultos 2017-2018.
 - 2.2.1.- Curso de Gimnasia de mantenimiento.
 - 2.2.2.- Curso de Gimnasia acuática.
 - 2.2.3.- Curso de Aerobic.
 - 2.2.4.- Curso de Badminton.
 - 2.2.5.- Curso de Tai Chi.
 - 2.2.6.- Curso de Yoga.
 - 2.2.7.- Curso de Pilates.
 - 2.2.8.- Curso de Gimnasia Funcional.
 - 2.2.9.- Curso de Circuito Training.
 - 2.2.10.- Curso de Estiramientos e Relaxación
- 2.3.- 1º Curso de actividades de adultos 2017-2018.
 - 2.3.1.- Curso de Gimnasia de mantenimiento.
 - 2.3.2.- Curso de gimnasia acuática.
 - 2.3.3.- Curso de Aerobic.
 - 2.3.4.- Curso de Badminton.
 - 2.3.5.- Curso de Tai chi.
 - 2.3.6.- Curso de Yoga.
 - 2.3.7.- Curso de Pilates.
 - 2.3.8.- Curso de Gimnasia Funcional.
 - 2.3.9.- Curso de Circuito Training.
 - 2.3.10.- Curso de Estiramientos e relaxación.

3º.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN

- 3.1.- Actividades Físico-deportivas.
- 3.2.- Escola Multideportiva.
- 3.3.- Competicións deportivas.
 - 3.3.1.- XVI Torneo de Tenis de Verán.
 - 3.3.2.- II Torneo de Badminton de verán.
 - 3.3.3.- XV Carreira Nocturna.
 - 3.3.4.- XXVI Memorial Adolfo Pedrido de xadrez.
- 3.4.- Vilagarcía a Mares.

3.4.1.- LV Travesía a nado ao Porto de Vilaxoan.

3.4.2.- XIV Bandeira Concello de Vilagarcía de Traiñas.

4º.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.

4.1.- Eventos coorganizados pola Fundación de Deportes.

4.2.-Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de Deportes.

Prodúcese un pequeno debate e unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade, acorda aprobar a Memoria de Actividades realizadas durante o ano 2018 e remiti-la ao Pleno-Concello, para a súa ratificación, se procede.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de tódalas persoas representantes dos grupos políticos municipais presentes na Comisión infórmase favorablemente a ratificación da Memoria de actividades deportivas levadas a cabo pola FPSDM durante o ano 2018.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21),

ACÓRDASE: Aprobar a ratificación da Memoria de actividades deportivas levadas a cabo pola FPSDM durante o ano 2018.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190430&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E TÉCNICAS PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DENOMINADO "SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E DA FPSDM.-

Pola Alcaldía procédese a retirar o asunto da Orde do Día do Pleno.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE EU E SOMOS MAIORÍA PARA REIVINDICAR O DEREITO AO VOTO DAS PERSOAS INMIGRANTES.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de abril de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polos Grupos Políticos Municipais de EU e Somos Maioría coa data de 15 de abril de 2019, do seguinte teor:

Jesús López Rodríguez e Gaspar Antonio González Somoza, concelleiros e voceiros do Grupo Municipal de EU-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) respectivamente, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades

Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do 25 de abril de 2019, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA REIVINDICAR O DEREITO AO VOTO DAS PERSOAS INMIGRANTES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Estado Español hai millóns de persoas inmigrantes que non teñen dereito ao sufraxio, o que implica unha discriminación ademais dunha falta de representatividade por parte das Cortes Xerais así como os parlamentos autonómicos, as deputacións e os concellos.

Malia que a *Constitución Española* establece no seu artigo 23.1 que “*Os cidadáns teñen dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal*”, hai máis de catro millóns de inmigrantes que non teñen recoñecido o seu dereito ao voto. De feito, dos catro millóns e medio de inmigrantes que residen no Estado, só teñen dereito de sufraxio arredor de 200.000, e isto só nas eleccións municipais, e nalgúns casos, nas europeas.

Ningunha persoa inmigrante pode votar nin ser elixida nas eleccións xerais, así como tampouco nas autonómicas. No caso das eleccións ao Parlamento Europeo, só poden votar aquelas persoas inmigrantes europeas que estean empadronadas nun municipio do Estado Español e manifesten a súa intención de votar nel. No caso das eleccións municipais, só poderán votar as persoas inmigrantes cuxos países de orixe asinasen un convenio en base a un acordo de reciprocidade.

Na actualidade hai un tratado multilateral, o Tratado de Maastricht, que regula o voto das persoas inmigrantes europeas que, en virtude do artigo 8.b do Tratado da Unión Europea, poden votar nas eleccións municipais así como nas eleccións ao Parlamento Europeo. Do mesmo xeito, hai doce acordos bilaterais polos cales se lles outorga dereito ao sufraxio ás persoas inmigrantes orixinarias de Bolivia, Cabo Verde, Chile, Colombia, Ecuador, Islandia, Noruega, Nova Zelandia, Paraguai, Perú, República de Corea e Trinidad e Tobago, sempre que declaren expresamente a súa intención de votar e estean inscritas no censo electoral e, polo tanto, empadroadas nun municipio español.

Pódese comprobar así como a lexislación española discrimina millóns de persoas ás que parece non considerar cidadás e ás que priva de dereitos civís e políticos que son fundamentais, impedíndolles participar das decisións colectivas que teñen repercusión directa sobre as súas vidas, os seus traballos, a educación dos seus fillos e das súas fillas, a súa cobertura sanitaria e, en xeral, todos os seus dereitos. Créase así unha cidadanía de primeira (a das persoas que teñen DNI), de segunda (a das persoas que non tendo DNI poden votar porque o seu país de orixe asinou un convenio de reciprocidade con España), e de terceira (a das persoas que mesmo pagando os seus impostos e levando 30 anos no Estado Español non poden votar). O único motivo polo que unha persoa inmigrante pode ou non votar é a nacionalidade que teña e iso sen ter en conta os anos que leve vivindo no Estado Español e o arraigamento que teña.

O artigo 13.2 da *Constitución Española* establece que “*soamente os españois serán titulares dos dereitos recoñecidos no artigo 23, agás o que, atendendo criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei para o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais*”. Este artigo é o responsable de que millóns de persoas que viven no Estado Español non poidan exercer o seu dereito ao sufraxio.

A conclusión que podemos sacar é que no Estado Español o sufraxio é universal, pero é só un sufraxio universal para os españois e as españolas. Polo contrario, é un sufraxio restrinxido ou censitario para as persoas inmigrantes, que para exercer o dereito de sufraxio teñen que ter unha nacionalidade específica e inscribirse no censo electoral.

Os grupos políticos, colectivos sociais e persoas que promovemos esta proposta consideramos

que a solución máis xusta é que as persoas voten onde vivan, porque todas as persoas que formamos parte da sociedade debemos poder decidir precisamente que sociedade, que sistema político e que leis queremos construír, porque votar é o xeito no que a cidadanía elixe a quen a representa e as persoas inmigrantes tamén teñen dereito a estaren representadas, porque a integración desas persoas pasa necesariamente por entender a integración como unha suma na que todas e todos gañamos e, polo tanto, se todas as persoas que vivimos no Estado Español votamos, teremos unha representación realmente fidedigna da sociedade.

A cidadanía no Estado Español non se compón dunha listaxe de números de documentos nacionais de identidade, senón dun grupo de persoas que se relacionan entre si en base a unhas normas xurídicas e culturais que debemos ir transformando entre todas e entre todos para lograr unha sociedade que finalmente non exclúa a ninguén e na que todas as persoas teñan os mesmos dereitos.

Por todo isto, os grupos municipais de Esquerda Unida-Son e de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) propoñémoslle ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Impulsar desde o Concello de Vilagarcía de Arousa a igualdade de dereitos entre todas as persoas, teñan a nacionalidade que teñan e independentemente da súa situación administrativa, entendendo que un cidadán ou unha cidadá é calquera persoa que resida no noso Concello, Comunidade Autónoma ou Estado, o que se poderá concretar mediante un certificado de empadronamento que confirme que a persoa vive no Estado Español e polo tanto pertence a esta sociedade.

Segundo.- Instar o Goberno do Estado, o Congreso, o Senado e o Parlamento Galego a que impulsen un Proxecto de Lei que promova unha reforma constitucional que inclúa a derogación do artigo 13.2 da *Constitución Española*, que restrinxen os derechos políticos e civís de millóns de persoas en todo o Estado ao privarlas dos dereitos regulados no artigo 23 da propia *Constitución*, e facer efectiva deste xeito a universalidade do sufraxio no Estado Español e a igualdade de dereitos políticos e sociais de toda a cidadanía, con independencia da nacionalidade ou situación administrativa de cada persoa.

Terceiro.- Impulsar e colaborar na creación dunha iniciativa cidadá que propoña ante a Comisión Europea a necesidade de legislar en toda a Unión Europea para defender o sufraxio universal de todas as persoas con independencia da súa nacionalidade ou situación administrativa en todos os estados da Unión Europea.

En Vilagarcía de Arousa, a 15 de abril de 2019

Jesús López Rodríguez EU-Son

Gaspar Antonio González Somoza Somos Maioría (PDDdG)

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG, e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polos grupos políticos municipais de EU e Somos Maioría para reivindicar o dereito ao voto das persoas inmigrantes.

- Dáse conta da Emenda presentada polo grupo municipal do BNG, seguinte:

Modificar o 2º acordo do seguinte xeito:

Instar ao Goberno do Estado a adoptar as medidas necesarias para garantir a participación política das persoas estranxeiras con vínculos continuados e residencia permanente no Estado Español, a través do dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións, en particular:

- a) Impulsar a modificación do artigo 13.2 da Constitución para eliminar o criterio de reciprocidade como requisito para poder participar nos comicios electorais locais.
- b) Ampliar o dereito de sufraxio das persoas estranxeiras con residencia permanente nas eleccións de assembleas lexislativas.
- c) Asinar e ratificar o Convenio Europeo sobre participación dos estranxeiros na vida pública local, do 5 de febreiro de 1992.

E engadir un 4º acordo no que se recolla:

Instar ao Goberno do Estado a adoptar as medidas necesarias para que as persoas que polo seu traballo non se encontren no país, como por exemplo as persoas embarcadas, poidan exercer o seu voto en igualdade de condicións.

- O Grupo Municipal do PSG-PSOE, presenta como emenda, suprimir no apartado terceiro a frase "ou situación administrativa en todos os estados da Unión Europea".

- Polos grupos municipais de EU e Somos Maioría acéptanse as emendas presentadas polo BNG e PSG-PSOE.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde a moción coas emendas presentadas, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor das persoas pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (8), EU (2), BNG (2), Somos Maioría (1) e Concelleiro non adscrito, e seis abstencións das persoas pertencentes ao grupo político municipal do PP (6),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polos grupos municipais de Esquerda Unida e Somos Maioría, coa aceptación da emenda dos grupos políticos municipais do BNG e PSG-PSOE, e,

Primeiro.- Impulsar desde o Concello de Vilagarcía de Arousa a igualdade de dereitos entre todas as persoas, teñan a nacionalidade que teñan e independentemente da súa situación administrativa, entendendo que un cidadán ou unha cidadá é calquera persoa que resida no noso Concello, Comunidade Autónoma ou Estado, o que se poderá concretar mediante un certificado de empadronamento que confirme que a persoa vive no Estado Español e polo tanto pertence a esta sociedade.

Segundo.- Instar ao Goberno do Estado a adoptar as medidas necesarias para garantir a participación política das persoas estranxeiras con vínculos continuados e residencia permanente no Estado Español, a través do dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións, en particular:

- a) Impulsar a modificación do artigo 13.2 da Constitución para eliminar o criterio de reciprocidade como requisito para poder participar nos comicios electorais locais.
- b) Ampliar o dereito de sufraxio das persoas estranxeiras con residencia permanente nas eleccións de assembleas lexislativas.
- c) Asinar e ratificar o Convenio Europeo sobre participación dos estranxeiros na vida pública local, do 5 de febreiro de 1992.

Terceiro.- Impulsar e colaborar na creación dunha iniciativa cidadá que propoña ante a Comisión

Europea a necesidade de legislar en toda a Unión Europea para defender o sufraxio universal de todas as persoas con independencia da súa nacionalidade ou procedencia.

Cuarto: Instar ao Goberno do Estado a adoptar as medidas necesarias para que as persoas que polo seu traballo non se encontren no país, como por exemplo as persoas embarcadas, poidan exercer o seu voto en igualdade de condicións.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190430&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA, RELATIVA Á AUTORIZACIÓN DO USO DUNHA ZONA DO PARQUE DE O CASTRIÑO, A FAVOR DO CENTRO PRINCESA LETIZIA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de abril de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

O Centro Princesa Letizia destinado ao coidado e atención de persoas con parálise cerebral ou outros trastornos neuro-motores, está situado na urbanización do Castriño, Rúa Duque de Terranova, nº 7.

Este centro conta cunhas instalación relativamente recentes nas que paulatinamente se foron incrementando o número de persoas usuarias, motivo polo que está prevista a ampliación do Centro de día e atención integral Amencer –Espace Princesa Letizia.

Este incremento de usuarios supón que a zona exterior do centro cada vez se atope con maior ocupación e polo tanto se dispoña de menos espazo para que as persoas poidan gozar dun sitio amplo ao aire libre.

O Concello de Vilagarcía de Arousa conta no Parque do Castriño cunha zona verde limítrofe co Centro Princesa Letizia, que practicamente non se utiliza polo público en xeral, razón pola que podería permitirse a súa utilización polas persoas usuarias do Centro Princesa Letizia.

Tendo en conta a petición do Centro Princesa Letizia e as circunstancias de todos coñecidas que concorren neste caso, propónse ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Que na zona verde municipal, situada no Parque do Castriño e que linda co Centro Princesa Letizia se permita, previa delimitación, a súa utilización polas persoas usuarias do Centro de día e atención integral Amencer–Espace Princesa Letizia, para o que se facilitará un acceso directo á mesma.

Debe reseñarse que esta zona verde non perderá nunca a súa condición de ben municipal, e este uso non implica a adquisición de ningún dereito sobre a mesma por parte do Centro Princesa Letizia, polo que, poderá ser revocada a presente autorización por razóns de interese público, sen dereito a indemnización e recuperarse o espazo para o uso público xeral cando o Concello así o estime oportuno.

Vilagarcía de Arousa, 25 de abril de 2019.

O Alcalde:

Asdo.- Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE é Somos Maioría informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG, e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da utilización dunha zona do Parque O Castriño por parte das persoas usuarias do Centro de Día e Atención Integral Amencer - ASPACE Princesa Letizia.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21),

ACÓRDASE: Aprobar a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente de utilización dunha zona do Parque O Castriño por parte das persoas usuarias do Centro de Día e Atención Integral Amencer - ASPACE Princesa Letizia

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190430&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190430&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190430&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as formúlanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190430&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

138- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte das persoas que asisten como público á sesión formúlanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20190430&punto=18>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:00 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.